

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DAS DIETAS DOS MESES DE XULLO, AGOSTO, SETEMBRO, OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO, DO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO (SPEIS) CORRESPONDENTE AO EXERCIZO 2023.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 38-2023, por un importe total de 19.800,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2023, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas das dietas dos meses de xullo, agosto, setembro, outubro, novembro e decembro, do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS), correspondente ao presente exercizo.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2023/1649 de data 25.10.2023, así como o RCMOD núms.: 2023/71817, de data 24.10.2023, por importe de 19.800,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 19.800,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
13600.12004	19.800,00 €	13600.23020	19.800,00 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>19.800,00 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>19.800,00 €</b>

Firmado por: \*\*\*947\*\*\* - LARA MENDEZ LOPEZ (FECHA: 2023-10-25 14:49:30.00)

CVD: xbCcKltzRK3hUjWp6XP

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto: 9387/2023

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac1921549727252493498.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 38-2023 SPEIS

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.